

# KNEECAP

Rich Peppiatt, 2024

# 1376

ESTREA EN NUMAX: 23.09.2024 | V.O.S.E. | 105 min

En Irlanda hai 80.000 falantes de irlandés, 6.000 viven no norte e tres deles van petar moito ao formar un trío de rap chamado Kneecap. Anárquicos, salvaxes e dispostos a todo para salvaren a súa lingua materna.

«Parte dun acto de resistencia pero tamén é divertida e está chea de mordaz enxeño»

Jessica Kiang, VARIETY



## Entrevista con Rich Peppiatt: «Cando unha lingua morre, marcha con ela unha historia e unha cultura»

Por Lou Thomas

**Cales foron as túas primeiras impresións cando viches por primeira vez a Kneecap actuar en Belfast en 2019?** Quedei abraiado pola súa crúa sensibilidade a súa presenza en escena, o seu carisma. Ademais, o feito de que estaban a rapear nun idioma que eu non entendía dentro do Reino Unido. Tamén había case mil mozos que lles respondían nese idioma. Non me decatara de que había unha comunidade de mozos no centro urbano de Belfast que elixiran vivir as súas vidas a través dun idioma como o irlandés. Aí decateime da miña propia ignorancia e ese foi o punto de partida do filme.

**Levouche moito tempo convencelos?** Tiven que agardar uns tres ou catro meses até que finalmente responderon o meu correo electrónico. O único necesario era paciencia e teimosía. Aceptaron quedar comigo para tomar un par de pintas de Guinness. Levámonos ben e ese par de pintas convertéronse nunhas dez. Estivemos de xolda toda a noite e ao día seguinte comecei de verdade a traballar na película.

**Como fixeches para implicar no proxecto a Michael Fassbender?** Non foi tan complicado como se podería pensar. Buscamos actores que pensabamos que falaban irlandés e Michael ten mencionado nun par de entrevistas que aprendera irlandés na escola. Había unha listaxe bastante curta de actores de alto perfil que podíamos tantear pero Michael era o máis atinado, entre outras cousas porque interpretou a Bobby Sands en *Hunger* de Steve McQueen (2008). Trátase dun filme que está moi metido no corazón de Belfast e hai un enorme amor cara a Michael Fassbender na cidade. Por suposto, para os membros da banda era un soño telo na película e resultou que Michael era fan seu. Así que axiña dixo: "Quero facelo". Iso tamén foi un toque de atención para min, de súpeto non había marcha atrás, había que facer a película.

**De feito hai unha referencia bastante expresa a Bobby Sands cando se menciona "limpar merda nas paredes". É unha cita?** Absolutamente, unha referencia moi meta. Algunhas persoas entenderano e outras non.

**Houbo algunha película musical na que te inspirases?** *The Commitments* (Alan Parker, 1991) foi un punto de referencia. É unha das mellores películas musicais irlandesas de todos os tempos e durante a rodaxe xurdía moitas veces na miña cabeza. Tamén adoro *The Harder They Come* (Perry Henzell, 1972). Alén diso hai varias referencias deliberadas a outras películas. Algúns cineastas evitan que o público pense que copiaron ou se inspiraron en algo, pero eu non o creo. Podes inspirarte noutros cineastas, renderlles homenaxe e mesmo rir deles nalgunhas cousas. Non deberíamos tomarnos tan en serio.

**O filme trata temas importantes: a división relixiosa, as drogas, os paramilitares...** Hai moitos problemas interconectados pero se teño que escoller un sería a defensa do idioma irlandés. Na postdata final recordamos que cada 40 días unha lingua indíxena desaparece. Hai unha mensaxe universal sobre a importancia do idioma e da cultura. Cando unha lingua morre, marcha e xa non volve e con ela marcha unha historia e unha cultura. E en Irlanda o inglés converteuse na lingua hexemónica. Gustaríame que a xente observe a lingua que falan os seus avós e se esforce en aprendela. Iso sería xenial.